



CORONAVIRUS

NOTA INFORMATIVA SOBRE ABASTECIMENTOS DE AUGA DE CONSUMO HUMANO UNHA VEZ SUPERADA A FASE 3 DO PLAN PARA A TRANSICIÓN CARA UNHA NOVA NORMALIDADE

En aplicación do previsto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dítase a Orde SND/274/2020, do 22 de marzo, pola que se adoptan medidas en relación cos servizos de abastecemento de auga de consumo humano e de saneamento de augas residuais, norma que resulta de aplicación a todas as entidades, públicas e privadas, que prestan ou contribúen a prestar o servizo de abastecemento de auga de consumo humano á poboación.

Coa publicación do Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e da Resolución do 12 de xuño de 2020, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, establécese a normativa que se debe aplicar unha vez superada a fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Segundo o [Centro para o Control e a Prevención de Enfermidades \(CDC\)](#), o virus SARS-CoV-2 non se detectou na auga potable e os métodos convencionais de tratamento de auga que usan filtración e desinfección, como son os da maioría dos sistemas municipais e veciñais de auga potable, deben eliminar ou inactivar o virus que causa a COVID-19.

Por todo elo, os responsables dos abastecementos de auga de consumo humano deberán realizar de forma ininterrompida todas as accións necesarias para que a auga chegue ao consumidor cumprindo cos criterios de calidade establecidos no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, a fin de evitar que xurdan problemas para a saúde pública relacionados co consumo de auga.

O uso de hipoclorito sódico na desinfección da auga de consumo, cando se manteñen os niveis adecuados, limita a presenza do SARS-CV-2. Así mesmo, nos procesos de desinfección da auga terase en consideración a aparición de factores que poidan influír negativamente sobre a acción do desinfectante (aumento da turbidez, presenza de materia orgánica, etc).



CORONAVIRUS

Con respecto ao autocontrol, deberanse realizar estritamente os tratamentos e accións correctoras e de mantemento especificados no Real decreto 140/2003 e nas súas normas de desenvolvemento, extremando as precaucións, pero sen a necesidade de implementar medidas adicionais ás recollidas na lexislación vixente.

Unha vez acadada esta fase de nova normalidade, recupéranse os controis da calidade da auga na billa do consumidor así como as actuacións previstas no Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano da Dirección Xeral de Saúde Pública.

En canto ás fontes públicas, hai que lembrar que poderá facerse uso das mesmas sempre que estean sinalizadas como auga apta para consumo humano, o que vai garantir unhas adecuadas condicións sanitarias. Así mesmo, deberanse observar as medidas xerais de hixiene establecidas para a prevención da transmisión do coronavirus (SARS-CoV-2), especialmente o lavado e desinfección de mans antes e despois do contacto coa billa.

As recomendacións incluídas nesta nota informativa están en continua revisión en función da evolución e nova información que se dispoña da infección polo novo coronavirus (SARS-CoV-2).

Santiago de Compostela, 19 de xuño do 2020